



CONDICIONS DE USO DOS MATERIAIS QUE FIGURAN NO CAMPUS VIRTUAL DA USC

A Universidade de Santiago de Compostela e os usuarios do Campus Virtual da USC están comprometidos co uso responsable do material almacenado nas Aulas Virtuais así como do cumprimento da lexislación de Propiedade Intelectual e da normativa de Protección de datos de carácter persoal.

A estes efectos deben respectarse as seguintes condicións de uso:

Propiedade Intelectual

Material docente

O material docente elaborado polo profesores está sometido a dereitos de autor. Non se permite o seu uso para fins distintos dos de impartición da docencia en cada materia concreta deste Campus Virtual. Tampouco se permite a súa difusión ni publicación por ningún outro canal. O uso e difusión para outros fins requirirá a autorización expresa da USC.

Material de consulta

As obras postas a disposición nesta intranet están protexidas polos dereitos de autor e a súa reprodución e comunicación pública faise baixo a autorización prevista no artigo 32.4 de la Lei de Propiedade Intelectual. Calquera reprodución, distribución, transformación e comunicación pública en calquera medio e de calquera outra forma, diferente do alcance de dita autorización, deberá ser obxecto dunha licenza específica a través da entidade de xestión de dereitos de autor CEDRO.

Material discente

O material discente que figure na aula debe respectar os dereitos de propiedade intelectual e industrial dos creadores. No caso de utilizar citas, estas deberán estar debidamente referenciadas. Este material só poderá ser utilizado polo seu autor para fins docentes, discentes ou de Investigación e sempre con referencia ao titular dos dereitos de propiedade intelectual.

Protección de datos

É unha obriga legal de todos e cada un dos membros da comunidade universitaria que accedan a datos persoais na Aula Virtual o cumprimento da normativa de protección de datos. Deste xeito os datos persoais que figuren nas aulas non poden ser utilizados para outros fins diferentes da docencia/discencia universitaria sen que podan ser difundidos por ningún medio, incluíndo como tal ás redes sociais. Queda totalmente prohibido descargar e difundir as listaxes de clase ou listaxes de cualificacións que figuren nas aulas virtuais por redes sociais.

Seguridade da información

Tamén será aplicable ao uso da aula virtual a [normativa sobre seguridade no uso da información e utilización das TIC](#).

O incumprimento das condicións indicadas pode xerar responsabilidade administrativa.